



II COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DOS ACORDOS ENTRE PSdeG-PSOE E MAREA ATLÁNTICA

Reunidos o PsdeG-PSOE e a Marea Atlántica, na segunda xuntanza da comisión de seguimento dos acordos de execución inmediata subscritos por ambas partes o 3 de xullo de 2019.

ACORDAN

- 1.- Que o vindeiro 17 de decembro, de común acordo entre as partes, se tramitará no Consello de Administración de EMALCSA a aprobación do documento anexo para constituír un **operador enerxético 100% municipal**, de maneira que se inicien as xestións necesarias para levalo a efecto nos prazos previstos.
- 2.- Que antes do 31 de decembro se constituirá unha mesa de traballo paritaria na que ambas partes comezarán a traballar na **modificación do regulamento das escolas infantís municipais para garantir a gratuidade do ensino de 0 a 3 anos** a partir do curso escolar 2020/2021, e que este labor estará rematado no primeiro trimestre do ano 2020.
- 3.- Que a modificación puntual do PXOM para garantir a **natureza pública dos terreos da Solana** se aprobará no primeiro trimestre do ano 2020 cun acordo plenario, unha vez resoltos os trámites pendentes doutras administracións.
- 4.- Que o goberno municipal reitera o seu compromiso coa introdución das **bonificacións no billete do autobús urbano** para menores de 25 anos e maiores de 65, sen custo engadido para o Concello.
- 5.- Que, para garantir o cumprimento do acordo para a **desafectación de San Vicente de Elviña** ou procura dunha solución urbanística alternativa nos prazos previstos, ambas partes impulsarán á maior brevidade a creación dunha mesa de traballo coas persoas afectadas, á que se poderán incorporar, se así o desexan, outros grupos municipais.
- 6.- Que esta comisión, na súa vindeira xuntanza, avaliará o efectivo cumprimento destes acordos e o estado de execución de todos os subscritos por ambas partes o pasado 3 de xullo de 2019, sen prexuízo de que se poidan sumar novas funcións.

Na Coruña, a 13 de decembro de 2019